

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE CORTEGADA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO MELLORA DA ENVOLVENTE TÉRMICA DA VIVENDA COMUNITARIA

REUNIDOS

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Avelino Luis de Francisco Martínez, alcalde do Concello de Cortegada, en virtude das facultades representativas que lle atribúen os artigos 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As persoas reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que exercen, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro. Con data 21 de outubro de 2025, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, asinou co concello de Cortegada un convenio de colaboración para a execución do proxecto denominado "Mellora da envolvente térmica da vivenda comunitaria"

Segundo. O Concello de Cortegada interesa unha ampliación dos prazos para a execución das actuacións, presentación da documentación xustificativa e de vixencia do convenio, tendo en conta os prazos de tramitación do procedemento de contratatación.

Terceiro. Co fin de estudar a proposta do concello, en data 10 de novembro de 2025 reuniuse a Comisión Mixta, integrada por dous representantes da Dirección Xeral de Administración Local e dous representantes do Concello de Cortegada, e propuxo a formalización dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Cortegada para a execución do proxecto denominado "Mellora da envolvente térmica do Concello de Cortegada"

En consecuencia e conforme establece a cláusula décimo segunda do Convenio suscrito, ambas partes acordan a seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. A modificación dos prazos establecidos, para a execución das actuacións, presentación da documentación xustificativa e do prazo de vixencia do convenio, establecidos nas cláusulas sexta apartado terceiro e décimo sexta, ata o día 15 de decembro de 2025.

Segunda. Publicidade da addenda

1. As partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan nesta addenda así como o resto das especificacións contidas nela, poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



2. En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscripción desta addenda á Base de datos nacional de subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Terceira. Protección de datos

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

En proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente documento na data consignada na sinatura electrónica

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e
Deportes

Diego Calvo Pouso

O alcalde do Concello de Cortegada

Avelino Luis de Francisco Martínez

